

CURSO MONOGRÁFICO DE INGLÉS

ACTUALIZACIÓN DE COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS PARA A COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA. FEBREIRO A MAIO, 2008

Nivel: Nivel Avanzado [alumnado que xa rematou os seus estudos (5º) nunha escola oficial de idiomas e busca a oportunidade de actualizar os seus coñecementos de inglés nas catro destrezas lingüísticas comunicativas].

Temporalización: 60 horas distribuídas en 2 sesións semanais de 2 horas cada unha.

Horario: Luns e venres de 15:30 a 17:30 horas.

Data de comezo: 8 de febreiro, 2008

Profesora: M^a del Carmen de la Fuente Leis

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

Este curso abrangue un nivel lingüístico Avanzado das Escolas Oficiais de Idiomas, e polo tanto está dirixido principalmente a aqueles estudantes que remataran os seus estudos de inglés nunha EOI e que desexen actualizar e mellorar a súa capacidade nas destrezas comunicativas, especialmente a comprensión e expresión orais. O alumnado deberá acreditar o seu nivel de lingua mediante unha entrevista persoal ou a presentación do certificado de aptitude dunha Escola Oficial de Idiomas.

Os obxectivos xerais correspóndense co nivel B2 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas do Consello de Europa.

O curso terá unha duración de 60 horas e o seu obxectivo primordial é que o alumnado mellore o seu nivel de competencia sobre todo na expresión e comprensión orais de aspectos xerais da lingua obxecto de estudo, de xeito que lle permita desenvolverse en situacións cotiáns. A intención é proporcionarlle ao alumnado as ferramentas precisas para retomar o estudo de inglés dun xeito intensivo.

Destrezas	Obxectivos
COMPRESIÓN ORAL	<ul style="list-style-type: none"> - Entender a falantes ingleses con distintos acentos e rexistros, aínda cando haxa interferencias ou exista distorsión polo ruído ambiental. Seguir o discurso aínda cando non está claramente estruturado e cando as conexións dentro do discurso non están explícitamente sinaladas. - Entender un discurso de longa duración, sobre temas complexos que non pertencen ó seu campo de especialización, se ben en ocasións poida requirir confirmación do que se entendeu. - Recoñecer un amplo rango de expresións idiomáticas e coloquialismos, apreciando cambios de rexistro.
COMPRESIÓN ESCRITA	<ul style="list-style-type: none"> - Entender con detalle textos complexos e longos con certo grado de especialización, sempre que poida ler seccións de máis complexidade. - Entender e interpretar de xeito crítico formas de linguaxe escrita de estilos variados. - Entender textos longos e complexos incluíndo discusións sobre materias técnicas e específicas dunha área de especialización.
INTERACCIÓN ORAL	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar cun grado de fluidez e espontaneidade sen ter que facer unha búsqueda pormenorizada de expresións, de forma que a interacción cun nativo é posible sin esforzo para ningunha das dúas partes. - Conversar con fluidez e corrección con interlocutores que traten de temas complexos e/ou pouco coñecidos, así como participar con plena efectividade en calquera conversación de carácter xeral, así como no ámbito da súa actividade profesional, e expoñer os seus puntos de vista con fluidez e matización. - Entender as actitudes e intencións, aínda as implícitas e reaccionar de forma suficientemente completa de acordo co a súas necesidades e intereses. - Demostrar que domina un amplo repertorio léxico que lle permite compensar o descoñecemento dunha palabra determinada mediante o uso da perífrase.
EXPRESIÓN ORAL	<ul style="list-style-type: none"> - Presentar descriucións detalladas e claras de materias complexas integrando sub-materias, desenvolvendo puntos en concreto e achegando a unha conclusión. - Formular ideas e opinións con precisión e relacionar destramente as súas propias contribucións ás doutras falantes. - Expresarse con claridade e corrección sexa en descriucións ou defendendo un punto de vista. Ser capaz de ofrecer apoio para as ideas expresadas no discurso. Ser capaz de responder a cuestionamentos sobre as súas ideas.
EXPRESIÓN ESCRITA	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver un tema de debate establecendo o seus puntos de vista con suficiente claridade, precisión e extensión, organizando o material de forma adecuada e explicando vantaxes e desvantaxes das opcións. - Escribir un texto de forma clara e detallada sobre unha variedade de temas do seu interese, escribir ensayos, informes, pasar información, dar razóns en contra ou a favor dun punto de vista. - Producir un texto claro, complexo e ben estruturado sobre unha ampla variedade de temas complexos expresando puntos de vista con certa extensión e mostrando un uso controlado dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto. - Escribir exposicións detalladas sobre temas complexos nunha carta, salientando os que considero que son os puntos máis importantes. - Escribir distintos tipos de textos nun estilo seguro e persoal, e axeitado ó lector destinatario.

Contidos

O programa do curso desenvolverase de acordo cos contidos seguintes:

- A utilización dos medios de comunicación para mellorar e/ou actualizar os coñecementos lingüísticos da lingua obxecto de estudo.
- A detección, a través da utilización de ditos medios, das carencias do alumnado con respecto a dita lingua.
- A utilización de materiais didácticos para mellorar as carencias lingüísticas detectadas, tanto na aula como na casa.
- Adquirir e actualizar vocabulario de uso xeral a través dos medios de comunicación escritos e audiovisuais ao seu alcance.
- Un achegamento á linguaxe específico dalgúns temas que aparezan con frecuencia na prensa escrita e audiovisual.
- A autoaprendizaxe e a autoavalización.

Metodoloxía

As clases serán prácticas e cun enfoque comunicativo, de xeito que se utilice en todo momento a lingua obxecto de estudo no seu aspecto de produción de discurso oral. O alumnado terá que interactuar na conversa cos seus compañeiros e co profesor, e ao mesmo tempo, terá que abordar material audiovisual auténtico ou adaptado ao nivel como, por exemplo, extractos procedentes de emisións de medios de comunicación en lingua inglesa como programas de radio e televisión en lingua inglesa, material dispoñíbel en Internet, etc. Entre as actividades, poderanse utilizar diálogos estruturados e improvisados, *role-plays*, debates organizados ou outros que xurdan no propio desenvolvemento dos temas a tratar, etc.

As actividades de expresión oral poderanse combinar e completar con actividades que posibiliten a práctica das outras destrezas como a comprensión oral, expresión escrita, e comprensión escrita, anque estas dúas últimas formarán parte sobre todo do traballo do alumnado na casa.

Empregaranse materiais tanto reais como adaptados, axeitados ao nivel do curso, que axuden a practicar e adquirir vocabulario, coñecer e practicar a pronunciación e entoación, e que sirvan para profundizar no entorno cultural anglosaxón.

Ao alumnado pediráselle que prepare unha presentación oral sobre un tema elixido por eles e preparada con antelación. Dita presentación deberá basearse en algún artigo da prensa escrita (especializada ou non), nun documental, programa de noticias e/ou debate televisivo en lingua inglesa, documento extraído de Internet, etc. Se o alumno así o desexa, poderá utilizar soportes tales como a prensa escrita, a televisión, Internet (youTube), etc. durante a súa presentación. En

total, a presentación non poderá ter unha duración de máis de 15 minutos.

O alumnado, logo de rematada a súa presentación, deberá realizar unha autoavaliación utilizando un formulario modelo que lle entregará a profesora e recibirá, á súa vez, unha avaliación de parte da profesora. Esperase, así mesmo, que os demais alumnos interactúen co alumno que realiza este exercicio a través de preguntas e/ou debate sobre o tema; para iso, os demais membros da clase terán que tomar notas durante a mesma.

Avaliación

A avaliación do alumnado farase tendo en conta o seu traballo na aula incluída a presentación oral, pero será unicamente informativa.

A cualificación, puramente informativa, das probas orais, farase atendendo aos criterios de avaliación de expresión oral que se anexan a esta programación.

No que respecta ás probas escritas, o alumnado/a realizará un exercicio de produción escrita obrigatoria, baseado en modelos e contidos tratados na aula. Esta proba avaliarase seguindo os criterios de avaliación da expresión escrita que se anexan a esta programación e será, así mesmo, unicamente informativa.

Tamén se valorarán os exercicios de produción escrita que o alumnado realice ao longo do curso, de xeito voluntario. Utilizaranse os mesmos criterios de avaliación da expresión escrita que para as probas obrigatorias e o alumno recibirá unha nota orientativa (de progreso) en cada exercicio.

Segundo o publicado no punto 7 da Circular 19/2007 sobre admisión e avaliación do alumnado das EEOOII, para obter o certificado do curso, *o alumnado non poderá superar un máximo de faltas sen xustificar equivalente ao 15% das horas totais do curso*. Así mesmo, esta programación establece que o alumnado deberá realizar as probas orais e escritas obrigatorias.

Bibliografía

Libro de texto:

Non se utilizará un libro de texto, senón que se recorrerá a material procedente de distintas fontes e medios tales como manuais de inglés xeral e específico, libros sobre a industria cinematográfica, material de Internet, etc.

Bibliografía de consulta recomendada:

Gramáticas con exercicios

- Advanced Grammar in Use (with answers), by M. Hewings. Cambridge University Press

- Advanced Language Practice (with Key), by Michael Vince. Macmillan Heinemann
- Advanced Learners' Grammar (with answers), by M. Foley & D. Hall. Longman
- Natural Grammar, by S. Thornbury. Oxford University Press

Vocabulario

- English Idioms in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press
- English Phrasal Verbs in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press
- English Vocabulary in Use Advanced, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press

Fonética e pronuncia

- Sounds English, by J.D. O' Connor. Longman
- Pronunciation Tasks, by M. Hewings Cambridge University Press

Diccionarios

Monolingües

- Collins Cobuild English Dictionary
- Oxford Advanced Learner's Dictionary
- Cambridge Advanced Learner's Dictionary
- Cambridge English Pronouncing Dictionary

Bilingües

- Gran Diccionario Oxford Español – Inglés, Inglés – Español. 3ª edición
- Diccionario Collins Spanish–English, English–Spanish